

VI SUBIDA A TABOADELA

Data: 18/08/2025

Asunto: Presentación da proba

Hora: 16:10

Doc. Nº: 3

De: Comité organizador

Para: Tódolos interesados

Despois da conversa telefónica mantida no día de hoxe coa Deputación de Ourense e o alcalde do concello de Taboadela, decidiuse cancelar a presentación da VI Subida a Taboadela que se ía celebrar mañá martes día 19 as 12:00h.

As administracións locais consideran que o máis sensato e non celebrar esta presentación, e estamos de acordo que nestes momentos o máis importante e a xestión da situación que temos na nosa provincia por mor dos incendios e apoiar a todos os afectados por parte das administracións.

O resto da programación do evento de momento segue adiante, non é verdade que a subida estea cancelada como di un bulo que anda circulando por diversos grupos de whatsapp. No día de hoxe recibimos multitude de chamadas e consultas por este tema e pedimos que fagades solo caso das canles oficiais da escudería, sportity e da Federación Galega de Automobilismo.

Os personaxes que se dedican a inventar ou difundir mentiras era mellor que se vos dera por ir axudar a apagar os incendios activos, que polo menos faciades algo de proveito.

Si durante a semana hai algún cambio, quitaremos un comunicado para informar da decisión que se tome. Mentras tanto seguimos traballando para que esta fin de semana se dispute a proba.

Saúdos.

O COMITÉ ORGANIZADOR

